

CLAVE NO REXURDIR DAS PEREGRINACIÓNS

## Verea homenaxea a Elías Valiña, inventor das frechas amarelas do Camiño de Santiago

Durante o acto terá lugar a estrea dun documental sobre Elías Valiña, o crego do Cebreiro, estudoso e precursor do asociacionismo xacobeo

[Carlos L. Montero](#)

Publicado: 05 dic 2025 - 12:00



Elías Valiña nos 80, fotografado para a súa obra “Boletín Xacobeo”. | Arquivo da familia Valiña.

A casa da cultura do Concello de [Verea](#) acolle este sábado, a partir das 16,00 horas, unha **homenaxe a Elías Valiña Sampredo (1929 - 1989)**, o crego que foi o **principal responsable do rexurdimento das Camiños de Santiago** no século XX. Párroco do Cebreiro durante 30 anos, tamén foi o **creador das frechas amarelas que sinalan o Camiño**, e que se teñen convertido en símbolo universal da peregrinaxe a Compostela.

Durante o acto estreárase a **curtametraxe documental “Elías Valiña, o inventor das frechas amarelas”**, dirixida polo cineasta e documentalista Aser Álvarez. Nel recupérase a figura de Elías Valiña como **un dos principais estudosos e precursores do asociacionismo xacobeo**, pero tamén un dos actores fundamentais no **rexurdimento contemporáneo** do fenómeno das peregrinacións a Santiago.

### Exposición con guía

A xornada completárase cunha **visita guiada á exposición “Os camiños de Elías Valiña”**, que se amosará por vez primeira no Camiño de San Rosendo. Este proxecto documental multimedia de Acude Rural, dispoñible en [eliasvaliña.gal](http://eliasvaliña.gal), realizouse co apoio de Arraianos Producións, ao abeiro do programa O teu Xacobeo da Xunta.